

# te

traballadores/as do Ensino



# CCOO

## ensino

## GUÍA RÁPIDA DO VII CONVENIO



# ENSINO CONCERTADO

[www.ccooensino.gal](http://www.ccooensino.gal)

## VII CONVENIO ENSINO CONCERTADO

**Texto completo do VII Convenio do Ensino Concertado**



## VALORACIÓN CCOO

Non é o convenio ao que aspirabamos, non é o convenio que necesitamos. Presenta algún avance, algunha actualización normativa e algunhas propostas inocuas. Os elementos esenciais das nosas propostas e as demandas do sector volveron quedar fóra da negociación e do convenio por decisión da patronal e das organizacións sindicais maioritarias

A estratexia negociadora imposta polas patronais e secundada polas organizacións sindicais maioritarias (FSIE, USO), desvirtuaron o proceso de negociación. Os temas relevantes (que deberían ser tratadas no proceso de negociación) postergáronse a "comisións de traballo" que se constituirán trala sinatura do convenio. Comisións nas que só poderán participar os asinantes do convenio. CCOO queremos estar presentes e ter voz nesas "comisións de traballo" nas que se van abordar temas moi importantes como a xornada laboral, a desconexión dixital, teletraballo, réxime sancionador, formación, clasificación profesional e actualización normativa.

## VALORACIÓN CCOO

### PERÍODO DE VIXENCIA

Ata o 31 de decembro de 2024

### RECUPERACIÓN DA ULTRAACTIVIDADE

Unha vez denunciado o convenio, seguirá vixente ata que as partes acaden un novo acordo de convenio que o substitúa

### REDUCIÓN DA XORNADA LABORAL DOS PAS

Reduciráselle progresivamente ao persoal de Administración e Servizos Xerais para quedar en 1570 horas ao ano. Esta redución aplicarase de xeito progresivo ao longo da vixencia do convenio, quedando en 1590 horas anuais en 2022, 1580 horas en 2023 e 1570 en 2024.

As 38 horas da xornada semanal pasan a ser de referencia.

## **MELLORA NOS PERMISOS RETRIBUIDOS**

O permiso por matrimonio tamén se lle aplicará ás parellas de feito Os 15 días naturais poderán comezar a gozarse, logo do aviso, tres días antes da celebración. No caso do permiso por hospitalización, poderá iniciarse mentres dure o feito causante. Unha vez iniciado o permiso, os días de aproveitamento serán continuados.

## **CREACIÓN DUNHA BOLSA DUN MÁXIMO DE 20 HORAS**

Asistencia a consultas médicas do propio traballador ou traballadora, dos fillos/as menores de idade, do cónxuxe, de pais e familiares ata primeiro grao de consanguinidade ou afinidade que non poidan valerse en por si. Asistencia a titorías de fillos/as menores, ata un máximo de 10 horas anuais con cargo á bolsa de 20 horas Nos supostos de falecemento, hospitalización e intervención cirúrxica, o permiso comezará a contar o primeiro día laborable. Se o feito causante se produce en festivo, o goce do permiso comezará a contar o primeiro día laborable. Se o feito causante que orixina o permiso se produce cando a traballadora/a xa tivese completado o 70 % da xornada e solicita o permiso o mesmo día, este contará dende o día seguinte. Se, iniciado o permiso, se inclúe algún día de fin de semana considerado non laborable para o traballador, non se terá en conta o cómputo

## **INCREMENTOS SALARIAIS**

Un 2 % para o 2020 e un 0,9 % para o 2021, ambos con carácter retroactivo. As empresas disporán de tres meses, ata o 27 de decembro de 2021, para aboar os atrasos correspondentes.

## **EXCENDENCIA POR VIOLENCIA DE XÉNERO**

Cunha duración de entre tres meses e un ano e reserva do posto de traballo durante a mesma.

## **CESAMENTO VOLUNTARIO**

Redúcese a 15 días o prazo para notificar o cesamento voluntario no caso de acceso a posto público

## **CONTRATO EVENTUAL**

A duración do contrato eventual amplíase ata o período máximo (18 meses) que permite o estatuto dos traballadores para situación excepcionais, previa aprobación da comisión paritaria

## **COMESIÓNS TÉCNICAS**

Na disposición transitoria cuarta establece que se constituirán comisións técnicas de traballo, dentro do primeiro mes de publicación do Convenio colectivo, na que se abordarán cuestións relevantes que quedaron pendentes durante a negociación do VII Convenio, tales como a xornada laboral, a desconexión dixital, teletraballo, réxime sancionador, formación, clasificación profesional e actualización normativa

## **VACACIÓNS E PERIODOS SEN ACTIVIDADE**

Modificación do capítulo de vacacións distinguindo vacacións de períodos sen actividade. Especificase que un dos meses de verán (xullo ou agosto) é período sen actividade e non vacacións; do mesmo xeito os períodos de Nadal e Semana Santa son considerados sen actividade e non vacacións

## **PERÍODO DE VIXENCIA**

Fixación de un período máximo para acordar as táboas salariais anuais non superior aos tres meses a contar desde a publicación no BOE da Lei de Orzamentos Xerais do Estado

## XORNADA DE TRABALLO

Número de horas

### DOCENTE

Máxima Anual 1.180 h  
Máxima Lectiva Anual 850 h  
Máxima Lectiva Semanal 25 h  
*Agás primeiro ciclo infantil*

### 1º Ciclo Infantil

**MESTRE**  
Máxima Anual 1.362 h  
Máxima Semanal 32 h  
**EDUCADOR**  
Máxima Anual 1.620 h  
Máxima Semanal 38 h

### DIRECCIÓN

**210 h anuais máis**  
que o persoal docente

### Complementario titulado

Máxima Anual 1.400 h  
Máxima Semanal 34 h

### P.A.S.

Máxima Anual (2022) 1.590 h  
Máxima Anual (2023) 1.580 h  
Máxima Anual (2024) 1.570 h  
Máxima Semanal 38 h  
Máxima Diaria 8h  
Máxima Sábado 4 h

## Vacacións e períodos sen actividade

### DOCENTE

Un mes por ano traballado, preferentemente en xullo ou agosto  
1 mes adicional sen actividade entre o 1 de xullo e o 31 de agosto.  
En Nadal e Semana Santa, gozar dos mesmos días sen actividade que de vacacións que se fixen para o alumnado  
Poderanse utilizar un máximo de 40 h para actividades non lectivas (8 primeiros días de xullo ou 8 últimos de agosto).

### 1º Ciclo Infantil

Un mes por cada ano traballado, preferentemente en xullo ou en agosto  
Así mesmo, este persoal gozará de 15 días considerados laborais distribuídos durante o ano.  
Estes días repartiranse, preferentemente, en Nadal, Semana Santa e verán.

### P.A.S.

Un mes por cada ano traballado, preferentemente en xullo ou en agosto  
6 días de vacacións durante o ano (3 fixados polo empresario e 3 de común acordo).  
2 días máis (un fixado polo empresario e outro fixado polo traballador/a)  
6 días consecutivos laborais durante o período de Nadal.  
3 días consecutivos laborais no período de Semana Santa.

## INCAPACIDADE TEMPORAL

### CASO XERAL

Durante os 3 primeiros meses, aos traballadores en situación de incapacidade temporal completaráelle ata o 100 % da súa retribución salarial total, incluído os incrementos salariais producidos no período de baixa.

### PROFESORADO EN PAGO DELEGADO

O 100% da súa retribución salarial total estenderase aos 7 primeiros meses de Incapacidade Temporal.

Se as **vacacións coinciden cunha incapacidade temporal** derivada de embarazo, parto ou lactancia natural ou co período de suspensión do contrato de traballo previsto nos apartados 4, 5 e 7 do artigo 48 ET, terase dereito a gozar as vacacións ao finalizar o período de suspensión, aínda que rematara o ano natural a que correspondan.

Se as vacacións coinciden cunha incapacidade temporal por continxencias distintas ás anteriores, o traballador poderá gozalas unha vez finalice a súa incapacidade e sempre que non transcorreran máis de 18 meses a partir do final do ano en que se orixinaron



## Paga de antigüidade

Ao cumprir 25 anos de antigüidade na empresa, todos os traballadores/as teñen dereito a unha paga por importe dunha mensualidade extraordinaria por cada quinquenio cumprido que abonará a empresa ou a Administración no caso do profesorado en pago delegado.

## Dereito ao ensino gratuíto

Dereito á gratuidade do ensino regrado e as actividades complementarias organizadas pola empresa.

O traballador deber ter unha dedicación polo menos igual á metade da xornada laboral anual.

Os fillos dos traballadores terán dereito ao ensino gratuíto no propio centro de traballo,

Os fillos dos traballadores doutros centros só teñen dereito a ensino gratuíto se as porcentaxes establecidas non se cubriron

Os traballadores deberán solicitar as axudas ao estudo das administracións se cumpren as condicións e, de ser concedidas, reintegrar empresa as cantidades percibidas a fin de facer extensible os beneficios antes descritos ao maior número posible de beneficiarios

## Roupa de traballo

As empresas proporcionaranlle ao persoal de servizos e ao persoal técnico de talleres ou laboratorios roupa de traballo unha vez ao ano.

O persoal docente, a petición propia ou por ser costume xa implantada, recibirá unha bata ao ano, con obriga de usala durante as actividades docentes. O profesorado de Educación Física, ou que exerza como tal, recibirá un chándal e calzado deportivo unha vez ao ano.

## Seguros

1.- Responsabilidade Civil: Na que poidan incurrir os asegurados con motivo das súas actuacións exclusivamente profesionais: 50.000 € por sinistro.

2.- Accidentes individuais: Cubrir a asistencia médico-quirúrxica-farmacéutica en caso de accidente sufrido polos asegurados, tanto no exercicio da profesión como na vida privada:

- En caso de morte: 18.030,36 euros

- En caso de invalidez permanente: 30.050,61 euros

Manutención aloxamento

Con independencia da xornada laboral, o persoal docente a quen se encomende e acepte voluntariamente a vixilancia dos alumnos durante a comida ou recreos motivados por ela terá dereito a manutención nos días dedicados a esta actividade.

O persoal non afectado polo parágrafo anterior terá dereito a utilizar os servizos de comedor, aboando o 50 % do establecido para os alumnos. É potestativo do empresario establecer que o referido persoal non supere o 10 % do número de alumnos que o utilicen habitualmente.

Revisións médicas

As empresas garantirán unha revisión médica anual, que terá carácter voluntario para os traballadores

## EXCEDENCIAS

CAUSAS	RESERVA DO POSTO DE TRABAJO	DURACIÓN	OBSERVACIÓNS
Por desempeño de cargo público que imposibilite a asistencia ao traballo.	Dereito a: reserva do posto de traballo, computo de antigüidade durante o tempo que dure reincorporarse ao mesmo centro de traballo	O tempo que dure a función. Concedida automaticamente previa presentación da documentación acreditativa.	
Polo exercicio de funcións sindicais, de ámbito provincial ou superior,		Un curso académico	Hai que ter 10 anos de exercicio activo na mesma empresa. 4 anos se é por mor da adecuación da empresa á innovación educativa Concedida automaticamente
Por perfeccionamento profesional			O familiar ao coidado non pode desempeñar actividade retribuída.
Por coidado de familiar, ata o 2º grao de consanguinidade ou afinidade, que non poida valerse en por si.		Non será superior a 3 anos.	
Por coidado de cada fillo, por natureza, por adopción ou por acollemento permanente ou preadoptivo,		Ata que o menor cumpra 3 anos	Se o pai e a nai traballan no mesmo centro poderase limitar o seu exercicio simultáneo por razóns xustificadas de funcionamento da empresa.
A petición do traballador se o solicita por escrito.	Non computa antigüidade. Conserva o seu posto se a empresa ten unha vacante na súa especialidade. As partes poden acordar reserva do posto de traballo.	Mínimo 4 meses, máximo 5 anos.	Avisar do reingreso á empresa con un mes de antelación. Antigüidade dun ano na empresa e non haber desfrutado de excedencia nos 4 anos anteriores.
Excedencia vítimas de violencia de xénero .(Art. 53)	Dereito de reserva do posto de traballo	Entre 3 meses e 1 ano	Hai que acreditar documentalmete a condición de vítima de violencia de xénero

# CONCILIACION

CAUSAS	DURACIÓN	SALARIO	OBSERVACIÓNS
Permiso para o coidado do lactante. (art. 44)	Ata que o fillo cumpra 9 meses, ampliable a 12 meses.	Dereito a retribución total durante a suspensión do contrato por nacemento	<p>Dereito a unha hora de ausencia ao traballo que poderán dividir en 2 fraccións ou reducir a súa xornada en media hora</p> <p>O permiso incrementarase proporcionalmente nos casos de nacemento, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento múltiples.</p> <p>A concreción horaria e o período de goce do permiso corresponde ao traballador que deberá avisar con 15 días de antelación do inicio e o fin do permiso</p> <p>A hora diaria pódese acumular en xornadas completas e gozalas dunha soa vez ao remate da baixa por nacemento (En Galicia, 28 días profesorado pago delegado)</p> <p>Non se pode transferir o seu exercicio ao outro proxenitor (un proxenitor non pode ceder o seu dereito ao outro para que goce o dobre)</p> <p>O permiso de lactación pódese gozar polos dous proxenitores, por separado ou simultaneamente. Se os dous proxenitores, exerzan este dereito coa mesma duración e réxime, o período de goce poderá entenderse ata que o lactante cumpra 12 meses, con redución proporcional del salario a partir del cumprimento dos 9 meses.</p> <p>Se dúas persoas da mesma empresa exercen este dereito polo mesmo suxeito, a dirección empresa poderá limitar o seu exercicio simultáneo.</p> <p><b>Nota aclaratoria</b> Se o permiso coincide co período de vacacións, estas gozaranse a continuación do remate do permiso</p>
Coidado de menores ou familiares que non poidan valerse por si mesmos	Diminución entre un 1/2 e un 1/8 da xornada	Proporcional á redución	<p>Para o coidado dun menor de 12 anos, Para o coidado dun familiar de ata 2º grao (consanguinidade e afinidade) que non poida valerse por si mesmo e que non desenvolva actividade retribuída</p> <p>A redución da xornada e a concreción horaria corresponden ao traballador.</p> <p>Aviso ao empresario da data de reincorporación con 15 días de antelación.</p>

# PERMISOS RETRIBUÍDOS

CAUSAS	DURACIÓN	OBSERVACIÓNS
Matrimonio ou inscrición rexistro parellas de feito.	15 días naturais	Poderán comezar a gozarse 3 días antes da celebración, previo aviso.
Falecemento dun fillo, enfermidade grave, accidente grave, hospitalización ou falecemento do cónxuxe ou un familiar de ata 2º grao de consanguinidade ou afinidade.	3 días Na mesma localidade	Nos supostos de falecemento, hospitalización e intervención cirúrxica, o permiso comezará a contar o primeiro día laborable.
	5 días Se o desprazamento é superior a 150 km.	Se feito causante se produce en día festivo, o permiso comeza a contarse desde o primeiro día laborable  Se o feito causante se produce cando a persoa traballadora xa tivese completado o 70% da súa xornada e solicítase o permiso ese mesmo día, este comezará a contar dende o día seguinte.
Intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario de parentes (ata 2º grao de consanguinidade ou afinidade.)	2 días	O permiso por hospitalización poderá iniciarse en calquera momento mentres dure o feito causante.  Comezado o permiso os días de goce serán continuados.
	5 días Se o desprazamento é superior a 150 km.	
Traslado de domicilio habitual	1 día	
Voda de parentes (ata 2º grao )	1 día	Debe coincidir co día da cerimonia
Deber inescusable, público o persoal.	Tempo imprescindible ou o legalmente establecido	Aqueles cuxo incumprimento pode xerar responsabilidades de índole civil, penal, social ou administrativa: mesas electorais, xulgados...
Exames prenatais e preparación ao parto	Tempo indispensable	Sempre que deban realizarse durante a xornada de traballo.
Asistencia a consultas médicas do traballador, dos fillos menores, do cónxuxe, de pais e familiares ata o 1º grao de consanguinidade ou afinidade que non poidan valerse por si mesmos e cuxa necesidade de acompañamento se certifique.  Asistencia a titorías de fillos menores, ata un máximo de dez horas anuais con cargo á bolsa de 20 horas antes sinalada	máximo de 20 horas anuais	O permiso de asistencia ás consultas médicas estará condicionado a que non sexa posible realizalas fóra do horario de traballo.  A utilización destas horas deberá ser acreditada co xustificante médico respectivo ou do centro educativo, segundo o caso..  Poderase limitar o seu exercicio simultáneo por razóns xustificadas de funcionamento da empresa.
Permisos por cursos de perfeccionamento (art. 46)	Durante a duración do curso	Previo permiso do empresario
exames oficiais (art. 47)	Os días da celebración das probas	Debe xustificar tanto a formalización da matrícula, como haber asistido a ditos exames